

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO, PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE XORNALISMO NOS GABINETES DE PRENSA DA XUNTA DE GALICIA.**

En Santiago de Compostela,

Dunha parte, María del Mar Sánchez Sierra, secretaria xeral de Medios, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do disposto na disposición adicional segunda, do Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

E doutra banda, Salustiano Mato de la Iglesia, reitor da Universidade de Vigo (en diante UVigo), nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 47/2014, do 24 de abril, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 79, do 25 de abril de 2014, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e o artigo 58 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, e publicados no DOG núm. 21, do 2 de febreiro de 2010 (BOE nº 69 do 20 de marzo de 2010).

Ambos interveñen, no exercicio das facultades que legalmente lles outorgan os cargos que desempeñan, recoñecéndose mutuamente lexitimación para subscribir o presente convenio de colaboración.

### **EXPOÑEN**

**PRIMEIRO.** Que a UVigo, a través da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, imparte o grao en publicidade e relacións públicas e desenvolve un programa de formación extracurricular que inclúe prácticas tuteladas en empresas e outras institucións.

**SEGUNDO.** A adecuación dos programas educativos ás necesidades das institucións públicas constitúe unha das preocupacións da UVigo.

**TERCEIRO.** O complemento que para a formación do alumnado supón o coñecemento da realidade das institucións públicas no ámbito das ensinanzas teóricas impartidas é un dos obxectivos que a UVigo considera de maior importancia.

**CUARTO.** As partes consideran necesario un maior acercamento entre a Xunta de Galicia e a UVigo, co obxecto de facilitar a futura carreira profesional dos universitarios mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas en institucións públicas.

**QUINTO.** No marco dunha vontade de colaboración entre os asinantes, que delimite as garantías recíprocas do alumnado e as institucións públicas no desenvolvemento do período de prácticas e de acordo co Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios (en diante RDPU), a Secretaría Xeral de Medios adhírese ao programa de formación da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo, a través do presente convenio de colaboración, co fin de que o alumnado complemente os seus estudos teóricos e prácticos en contacto directo cos profesionais dos Gabinetes de Prensa da Xunta de Galicia mediante a



realización de prácticas de xornalismo.

**SEXTO.** A Universidade de Vigo conta coa Fundación Universidade de Vigo (FUVI) como medio propio e servizo técnico, para promover e complementar as accións que leve a cabo a propia Universidade co fin de cumprir os seus obxectivos .

Dado o interese coincidente das partes, estas acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

## **ESTIPULACIÓNS**

### **Primeira. Obxecto.**

1. As partes asinantes establecen un programa para a realización de prácticas académicas externas do alumnado da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo nos Gabinetes de Prensa da Xunta de Galicia.  
A través do presente convenio fíxanse as pautas e mecanismos de colaboración entre as partes coa finalidade de establecer unha adecuada programación, o desenvolvemento e a verificación das prácticas extracurriculares do alumnado bolseiro do grao en publicidade e relacións públicas da UVigo na Xunta de Galicia.
2. O procedemento de concesión desta subvención tramitase en réxime de concesión directa, por razóns de interese público e social, de acordo co establecido no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **Segunda. Prazas.**

O número máximo de prazas que se convocarán para realizar as prácticas será de 12.

### **Terceira. Réxime de realización das prácticas.**

- a) Destinatarios.  
Poderá acceder ás bolsas de estudo reguladas polo presente convenio o alumnado matriculado na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo que teña superado o 50 % dos créditos do grao en publicidade e relacións públicas.
- b) Período, dedicación horaria e lugar de desenvolvemento das prácticas.  
O período de realización das prácticas será durante os meses de xuño, xullo e agosto, cunha dedicación horaria que non poderá exceder das 25 horas semanais. Cabe a posibilidade de que o período de practicas se desenvolva durante dous meses consecutivos.  
A Secretaría Xeral de Medios acollerá ao alumnado seleccionado nos gabinetes de prensa de cada unha das consellerías, na Presidencia da Xunta ou nos seus departamentos territoriais da Xunta de Galicia.  
Corresponderá á Secretaría Xeral de Medios a distribución do alumnado por seccións, ámbito de actividade e especialización.
- c) Titorización das prácticas.
  - Por parte da UVigo designarase un titor para o alumnado bolseiro.
  - A Secretaría Xeral de Medios designará a tres responsables de entre o seu persoal que actuarán como titores e serán os encargados de distribuír ao alumnado bolseiro por seccións, ámbito de actividade e especialización. Velarán así mesmo pola súa formación e polo



cumprimento do plan de formación. A Secretaría Xeral de Medios emitirá a correspondente certificación de conformidade da realización das prácticas.

d) Contido das prácticas.

O contido específico das prácticas, recollido no Proxecto Formativo (Anexo I) deste convenio, tratará de proporcionar ao alumnado bolseiro unha visión global das institucións públicas, a través dos seus distintos departamentos directamente relacionados coa área da comunicación.

**Cuarta. Orzamento.**

Como contribución ás actividades obxecto deste convenio, a Secretaría Xeral de Medios realizará unha achega económica máxima de 13.320,00 euros á Universidade de Vigo, con cargo á aplicación 04.20.461A.444.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017.

**Quinta. Gastos subvencionables.**

Son gastos subvencionables os importes brutos aboados aos bolseiros e os gastos correspondentes a Seguridade Social.

A Universidade de Vigo aboará a cada un dos estudantes seleccionados a cantidade de 330,00 euros brutos ao mes.

**Sexta. Selección de aspirantes.**

Unha Comisión designada pola Facultade seleccionará os aspirantes. En todo caso deberá garantir os principios de publicidade e concorrência, así como os de transparencia obxectividade e non discriminación.

A Comisión, con respecto aos principios de mérito e capacidade, avaliará o expediente académico, sendo requisito imprescindible o coñecemento oral e escrito da lingua galega.

**Sétima. Entidade xestora.**

A Universidade de Vigo poderá encomendar á Fundación Universidade de Vigo a xestión da convocatoria e a preselección dos/as estudantes, de acordo co procedemento establecido.

**Oitava. Seguros.**

Os riscos de enfermidade ou accidente estarán cubertos polo correspondente seguro escolar para o alumnado menor de vinte e oito anos. Para o alumnado maior de vinte e oito anos formalizarase obrigatoriamente no momento da matrícula, a cargo do/da estudante, un seguro específico.

A cobertura dos riscos derivados da responsabilidade civil do alumnado que realiza as prácticas tuteladas na entidade, queda garantida pola UVigo.

**Novena. Carácter formativo das prácticas.**

Dado o carácter formativo das prácticas, e de acordo co artigo 2.3 do RDPU, a relación entre a Xunta de Galicia e o alumnado bolseiro da UVigo derivada do presente convenio, non comportará relación funcional ou laboral de ningún tipo, nin o seu contido poderá dar lugar a substitución da prestación laboral propia de postos de traballo.

A realización destas prácticas académicas non terá a consideración de mérito para o acceso á función pública nin será computada aos efectos de antigüidade ou recoñecemento de servizos previos.

O alumnado bolseiro asignado a este convenio en ningún caso dependerá da Xunta de Galicia, polo que non poderá alegarse dereito algún nin esixírselle a esta Administración responsabilidades de calquera clase, como consecuencia das obrigas, que no seu caso, poidan existir entre o alumnado bolseiro e a

Universidade de Vigo.

O alumnado en prácticas non poderá realizar tarefas de responsabilidade na Administración, nin aquelas exclusivas do persoal da Administración, estando, sempre e en todo caso, orientadas as prácticas a unha aprendizaxe práctica titorizada.

**Décima. Obrigas.**

A Universidade de Vigo queda obrigada:

a) Ao reintegro, total ou parcial, da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, e en todo caso nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) A someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o órgano competente en materia de medios de comunicación, así como calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, para o que achegarán canta información lles sexa requirida.

c) Dar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que se deriven da execución das actividades que se subvencionan.

d) Acreditar con anterioridade a sinatura do convenio, así como antes das correspondentes propostas de pagamento, que está ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma.

e) A non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de empresa beneficiaria das axudas recollidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamente a concesión da subvención.

g) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.

h) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación aplicable a Universidade de Vigo, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

i) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

j) Subministrar toda a información necesaria para que a Secretaría Xeral de Medios cumpra coas obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, logo do correspondente requirimento, e en virtude do disposto no artigo 4 da citada lei.



#### **Décimo primeira. Vixencia.**

O prazo de vixencia deste convenio de colaboración será dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de agosto de 2017. En ningún caso poderá ser prorrogado.

#### **Décimo segunda. Pagamento.**

Para o pagamento da axuda a Universidade de Vigo deberá xustificar documentalmente coa data límite do 30 de novembro do 2017 o cumprimento do convenio para o que alcanzará a seguinte documentación:

- a) Certificado da intervención ou do órgano da entidade que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade dos gastos incorridos e do cumprimento da finalidade para que foi concedida esta axuda.
- b) Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social. Estas certificacións acreditativas poden ser substituídas pola declaración responsable do beneficiario, de acordo co establecido no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- c) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- d) Conta bancaria para o pagamento.

#### **Décimo terceira. Publicación.**

Os datos básicos relativos a este convenio serán publicados de acordo co previsto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

#### **Décimo cuarta. Causas de resolución.**

É causa de resolución do presente Convenio de Colaboración o incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.

#### **Décimo quinta.- Compatibilidade.**

Esta axuda será compatible con outras axudas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais, sempre que a acumulación de axudas non supere o custo total da actividade subvencionada e se respecten as condicións establecidas en cada réxime de axudas na normativa nacional e comunitaria aplicable.

#### **Décimo sexta. Comisión paritaria de Seguimento e Control.**

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio e resolver as dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución, créase a Comisión de Seguimento e Control, constituída por:

- Secretaría Xeral de Medios:
  - ✓ A secretaria xeral de Medios.
  - ✓ O subdirector xeral de Réxime Xurídico e Xestión de Medios Audiovisuais.
- Universidade de Vigo:
  - ✓ O Decano da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.

- ✓ O director do departamento responsable das prácticas ou persoa en quen delegue.

A Comisión reunirse cando así o considere necesario calquera das partes.

**Décimo sétima. Plena integración das persoas con discapacidade. Igualdade de xénero.**

As partes asinantes garanten que o presente convenio promove a efectividade do dereito á igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade. Así mesmo, garántese a non discriminación por razón de xénero na acción formativa obxecto deste convenio.

**Décimo oitava. Modificación da resolución e reintegro da subvención.**

1. Toda alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas, para a mesma finalidade, por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co establecido na cláusula de compatibilidade.

2. O incumprimento das obrigas contidas neste convenio dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora producidos desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde o reintegro nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Ao abeiro do disposto no artigo 14.1 n) da Lei 9/2007, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se vai minorar serán os seguintes:

a) O incumprimento total dos fins para os cales se concedeu a axuda ou da obriga de xustificación, dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, de ser o caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.

b) Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os cales se concedeu a axuda e dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, de ser o caso, na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificado.

4. A tramitación do expediente de reintegro realizarase de acordo co procedemento establecido no capítulo II do título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

**Décimo novena. Protección de datos.**

De conformidade coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición serán incluídos nun ficheiro denominado Relacións administrativas coa cidadanía e entidades, cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral de Medios.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral de Medios mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Medios. Edificio administrativo San Caetano, s/n. 15781 Santiago de Compostela, ou a través do correo axudas.medios@xunta.es.

**Vixésima. Réxime xurídico.**

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas. Para o non regulado neste convenio observarase o previsto nas seguintes disposicións:

- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño,



de subvencións de Galicia.

- Os preceptos con carácter básico da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e do seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.
- Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.
- O resto da normativa que sexa de aplicación.

**Vixésima primeira. Fin de vía administrativa e réxime de recursos.**

As cuestións litixiosas xurdidas serán resoltas pola Secretaria Xeral de Medios poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase presentar recurso potestativo de reposición, segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Poderá interpoñerse directamente recurso contencioso administrativo, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Para a debida constancia de todo o convido, asíñase por duplicado exemplar o presente documento polas persoas comparecentes no lugar e data indicados no encabezamento.

**POLA UNIVERSIDADE DE VIGO**

O Reitor

Salustiano Mato de la Iglesia

**POLA XUNTA DE GALICIA**

A secretaria xeral de Medios

María del Mar Sánchez Sierra



## ANEXO I

### PROXECTO FORMATIVO DAS PRÁCTICAS DE XORNALISMO NA XUNTA DE GALICIA DO ALUMNADO DA FACULTADE DE CIENCIAS SOCIAIS E DA COMUNICACIÓN

#### Obxectivo

Mellorar a aprendizaxe das rutinas de produción propias da actividade xornalística en gabinetes de prensa de institucións públicas.

#### Competencias específicas

As competencias que se adquiriran coas prácticas na Administración obedecen á seguinte estrutura:

- 1) Competencias técnicas. Os/As estudantes comprenderán a dimensión real do coñecemento técnico do tratamento informativo, desde a produción ata a difusión. Adquirirán a destreza precisa para poder desenvolverse en situacións reais.
- 2) Competencias transversais. Os/As estudantes aprenderán competencias sobre ética, responsabilidade, traballo en equipo e impacto da comunicación masiva na sociedade.

#### Plan formativo

O plan formativo fundaméntase nos seguintes apartados:

- 1) Proba de selección. Desde o propio momento da proba de selección realizada pola universidade, o/a estudante deberá comprender o obxectivo da praza de prácticas, así como a dimensión do destino solicitado.
- 2) Adaptación á institución pública. A primeira fase do período de prácticas radica na adaptación ás rutinas da institución pública, que será supervisada polos titores designados. Neste período, o/a estudante debe aprender as rutinas diarias, así como o estilo propio da institución pública.
- 3) Formación independente. Unha vez superado o período de adaptación, que dependerá dos criterios da institución pública e da aptitude do/a estudante, poderase establecer un plan de actividades por parte da institución pública para desenvolver as tarefas relacionadas co perfil da praza. Este plan de formación pode realizarse de xeito individual polo/a estudante, pero sempre deberá estar supervisado polo/a titor/a da institución pública.
- 4) Memoria de fin de prácticas. Ao rematar o período de prácticas o/a estudante deberá realizar a memoria correspondente, recollida na normativa de prácticas aprobada pola Xunta de Facultade. Esa memoria debe servir, ademais, para que o/a estudante reflexione sobre o aprendido e sobre futuras liñas de especialización.